

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Decateime de que as liñas que construímos entre a xente, que se establecen a través dos pensamentos e das ideas que compartimos, son febles, e trázanse en cores diferentes. Entendín os espazos que separan os fíos que penduran entre os puntos en movemento, que se enredan, que nos envolven e nos atrapan.

Ás veces, cando chego a casa coa forza da sensación de pena atrapada entre as costelas, escalando silandeira e estendendo o seu dominio sobre os ósos desgastados, sento no chan e ollo o teito, que agocha entre as capas de branco fendas, sucos microscópicos da masa incolora. Cultivados polo paso do tempo, case non aumenta o ritmo do seu avance tranquilo, quedan agochados tras as sombras da lámpada do teito. Aperto as pernas, porque doen. O momento do ascensor constitúe agora o intre protagonista, e reflexiono sobre os segundos fronte ao espello. Sobre as olladas, os sorrisos. Repítome as frases premeditadas que gardo entre as membranas do cerebro, que roubei da sombra do burato, pequeniño. Quero erguerme, mais non o fago, e ascenden as cóxegas frías do sono. Noto unha sensación- que se repite moito estes últimos días- pola que morre paseniño cada célula que constitúe unha pequena parte do meu corpo. Sinto que ao tempo que arden os lacrimais dos ollos, alporizados, ante o aire que as roza, esvaece de cada obxecto que me arrodea a propia alma, esa parte que deixei para atopalos e recoñecelos, de volta.

Arrodéanme figuras estrañas, baleiras, e sinto a vertixe. Imaxínoas caendo sobre o corpo miúdo, encollido, nun eterno bico cos xeonllos. Non recúo, non fago. Ás veces vexo as cousas e quero arrincalas do seu sitio, mais non rompelas, ou levalas a ningures. Só desexo que unha sublimación espontánea as convirta nun vapor

diáfano, apenas perceptíbel. Quero quedar soa nun espazo baleiro, quero espir o cuarto, e matar cada retallo de ornamento. Só desexo o burato verdadeiro: entre sombras, non distingo o suco das proxeccións producidas polo roce da luz contra os obxectos.

Espero e non sei se é aínda o día pasado ou a noite futura. Atópome na corda, de novo, sostida, atopo o equilibrio na inmovilidade. Estou no chan porque quedei atrapada onte pola terríbel miraxe dos obxectos abaténdome, e os calafríos non permitiron que o corpo, parado polo medo, se movese. Ou só esquecín que existía a miña cama.

Érgome porque penso que é tarde, aínda que os xoves non traballo pola mañá e vístome aínda que sei que non vou ir a ningún sitio. Hoxe fai calor- penso, vagamente, en que está penetrando dun xeito tan rotundo en min o sentimento comunal, non compartido, que incluso comecei a falar-me a min mesma do tempo-. Saio pola porta, coma se chegase tarde- aínda é mediodía-, coma se me agardasen en algures.

Paro fronte ao ascensor e ocórreme que non son quen de chamar. Permanezo nunha rixidez esaxerada, sen cambiar a postura, porque non coñezo a postura axeitada para este momento. E penso en todo o que xa fixen, e a pesar diso dáme medo, e non quero calar de novo e que morra a parte miña coa que xa chegaba a construír, como bloque, a estrutura diaria do edificio. De novo as expresións da faciana varían na mente, tento atopar o movemento exacto, o correcto. Escoito as voces e sinto o ímpeto máis forte revivirme, en calidade de descarga eléctrica, e movo os pés polo longo do corredor ermo. E ollo as escaleiras, o deserto de mármore e, baixo, e non sinto entre os chimpos desaforados máis ca unha textura de dozura e liberdade contra o ar. E tamén sinto a onda de furia irrevogábel, e

dóeme facelo, e non quero, e quero subir de novo onda o ascensor. Máis é máis forte o corpo, que segue a plenitude do instinto: baixo, coma sempre, polas fendas, do tempo, do espazo...

Chegará o momento de éxtase ao saír, ao fuxir pola porta acristalada e, desprotexida ante o día solleiro? Noto, mentres baixo o chanzo, a colisión. Golpéame o ombreiro e tento agarrarme, para frear a ineludíbel caída, do pasamán. Mantéñome co preciso balance, mentres o veciño de enfronte, o que sempre ten présa, apoia as mans sobre o mármore. Érguese coa súa habitual velocidade e queda alí, agardando a que me poña en pé.

- Síntoo, ía moi apurada- Ás veces, son as emocións de nerviosismo incontrolábel as que nos levan a momentos malditos, a situacións empeoradas polo estado anímico fatal.
- Non, non... eu ía con *muita* présa... non *che* escoitei mentres subía as escaleiras. Aínda que teña todo o tempo do mundo, sempre *consigo* atopar *rasóns* para apurar...- Noto un semellante nerviosismo ao meu, e reconfórtame, dalgún xeito. Coñecer pequenas partes das persoas, dende lonxe, resúltame importante, porque me permite entender aqueles reflexos do seu ser máis íntimo que se perciben nos seus actos.
- Non pasa nada. Eu teño que irme.- Pregúntome varias veces por que se repite esta contraditoria sensación de présa inxustificada.
- E eu... que, se non, non me *chegha* o tempo...

Camiña máis amodo e, cando xa se atopa no relanzo superior, escoito o aumento da frecuencia dos seus pasos, así como a onda sonora perde forza, e deixo de ouvir tan claramente o golpe preciso contra o chan.

Semella que no edificio, por debaixo da tea de voces fortes, tinguidas de brillos, existe algo que non é unha sombra, senón unha rede máis fina, tecidos que, con disimulo, se expanden baixo o solo. E non sei se é máis sinxelo sentirse así só ou acompañado.